

## MANIFESTO / MANIFEST

### E NO 8M TAMÉN, CULPABLES / I EN EL 8M TAMBÉ, CULPABLES

Grupo feminista Fiadeiras. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG)  
Col·lectiu de Dones i Equitat. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya (CEESC)

Segundo a Real Academia galega o substantivo feminino CULPA, é unha falta cometida voluntariamente ou a responsabilidade que ten alguén nunha acción que causa prexuízo.

*“O motivo da expansión do coronavirus no estado español foi culpa das manifestacións do 8M”.* Foi tan repetida esta afirmación, este mantra, que case se converte en verdade. Case, porque as mulleres xa estamos ben acostumadas a que a culpa camiñe canda nós, coma unha sombra.

Foi así co caso da “Manada” na que os medios de comunicación de masas repetiron constantemente que ía soa e borracha: CULPABLE.

Foi así co caso de Laura Luelmo, porque saíu a correr de noite e soa: CULPABLE.

Foi así con multitude de casos de mulleres asasinadas, porque denunciaron... ou porque non denunciaron: CULPABLES.

Foi - e é tan así - que tivemos que berralo no mundo adiante: *“Y la culpa no era mía, ni dónde estaba ni cómo vestía.”* (Un violador en tu camino, Las Tesis).

Poderíamos afirmar que a culpa é unha experiencia compartida polas mulleres, non só en situacións de violencia explícita se non tamén na nosa cotidianidade. Como di a nosa benquerida Lola Ferreiro Díaz, a culpa é o principal malestar das mulleres.

E, como ben sabemos, o *personal* é *político* e, polo tanto, as nosas experiencias individuais teñen que ver, en gran medida, cun sistema que nos quere así, culpables.

A culpa non deixa de ser un eficaz mecanismo patriarcal para configurar e perpetuar o control social sobre as mulleres. A culpa é unha estrutura estable na subxectividade das persoas; a través dela, as mulleres aprenden a cumprir os mandatos e roles de xénero.

Do mesmo xeito, a culpabilidade vai da man doutros substantivos femininos: auto-negación, angustia, ansiedade, depresión, frustración, submisión,

Segons l'Institut d'Estudis Catalans, el substantiu femení CULPA és una falta més o menys greu comesa voluntàriament, i donar a algú la culpa d'alguna cosa és atribuir-li d'haver-ne estat causa.

*“El motiu de l'expansió del coronavirus a Espanya va ser culpa de les manifestacions del 8M”.* Aquesta afirmació va ser tan repetida, que aquest mantra gairebé es converteix en veritat. Gairebé, perquè les dones estem ben acostumades que la culpa formi part de nosaltres, com una ombra.

Va ser així en el cas de la "Manada" en què els mitjans de comunicació de masses repetien constantment que ella anava sola i borrratxa: CULPABLE.

Va ser així en el cas de Laura Luelmo, perquè va sortir a córrer de nit i sola: CULPABLE.

Va ser així en el cas de moltes dones assassinades, perquè van denunciar... o perquè no van denunciar: CULPABLES.

Tant és així, que vam haver de cridar-ho al món sencer: *“Y la culpa no era mía, ni dónde estaba ni cómo vestía”.* (Un violador en tu camino, Las Tesis).

Podríem argumentar que la culpa és una experiència compartida per les dones, no només en situacions de violència explícita, sinó una constant en la nostra vida diària. Com diu la nostra estimada Lola Ferreiro Díaz, la culpa és el principal malestar de les dones.

I, com bé sabem, allò *personal* és *polític* i, per tant, les nostres experiències individuals tenen molt a veure amb un sistema que ens vol així, culpables.

La culpa continua sent un mecanisme patriarcal eficaç per configurar i perpetuar el control social sobre les dones. La culpa és una estructura estable a la subjectivitat de les persones; a través d'ella, les dones aprenem a complir amb els mandats i rols de gènere.

De la mateixa manera, la culpa va molt de la mà de la resta d'altres substantius femenins: autonegació,angoixa, ansietat, depressió, frustració, submissió,

dependencia... Emocións, sentimentos e actitudes que se vinculan ao feito de ser muller (útero=histero=histeria), sen nomear que a invisibilización das mulleres e a patoloxización e a criminalización daquilo “feminino” é unha forma de violencia simbólica que exerce o patriarcado, e que se manifesta no corpo e na mente das mulleres tomando estas diferentes formas de sufrimento.

E por que estamos a falar agora mesmo da CULPA? Non é casualidade que no 2020, o da maior mobilización social de apoio ao feminismo con marchas/manifestacións masivas en todo o Estado, a resposta patriarcal fose a de utilizar, de novo, a culpa?

Quen culpa é o gardián do código, das normas. Polo que, cada vez que transgredimos algunha pauta de dito código, actívase un sinal que informa que o código foi transgredido. Iso é a culpa. Culpadas, sempre, e autoinculpadas, moitas veces... por non poder coidar, ou por non querer, por desexar, ou por non facelo... ou por facer ou por non facer...

A culpa, como o resto de emocións, non só a sentimos senón que reaccionamos interiormente ante ela o cal leva a unha segunda emoción: culpa por sentir culpa. E así, nesta roda que nos atrapa... ou non? A culpa alértanos, é un indicador que sinala que estamos transgredindo, estamos cambiando o código que nos quere someter. A culpa é moi nosa, é unha culpa compartida. E como todo o que transcende á individualidade, é posible reconvertela nunha forza de loita común, nun motor para a desobediencia colectiva. Como tamén outras palabras coas que as mulleres, afortunadamente, enchemos o noso vocabulario e as nosas vidas: alegría, felicidade, loita, empatía ou SORORIDADE, todas elas palabras en feminino.

Mulleres amigas, queridas amigas, pilar fundamental nas nosas vidas, onde atopamos o sustento para seguir adiante na loita contra a opresión do patriarcado. En palabras de Marcela Lagarde: *"Que sería das mulleres no patriarcado sen a rede de mulleres ao redor, ao lado, detrás, ao fronte, liderando o camiño, manténdose xuntas. Que sería de nós sen as nosas amigas? Que sería das mulleres sen o amor das mulleres?"*

As nosas Hermigas (termo creado por Lucía Asué Mbomio) son amigas que acaban converténdose en irmás, mulleres amigas que se apoian, unidas entre nós e non unhas contra as outras. A *solidariedade* entre mulleres, a irmandade das mulleres, a sororidade. Sororidade como alianza política entre todas as mulleres para combater a desigualdade inherente ao patriarcado.

*Alegría* (substantivo feminino) sentimento de pracer manifestado ao través dos sorrisos das mulleres, sorrisos que agora só podemos intuír escondidos tralas máscaras,

dependència... Emocions, sentiments i actituds que es vinculen al fet de ser dona (úter=histero=histèria), sense anomenar que la invisibilització de les dones i la patoloxització i criminalització d'allò “femení” és una forma de violència simbòlica que exerceix el patriarcat, i que es manifesta en el cos i la ment de les dones prenent aquestes diferents formes de patiment.

I per què estem parlant ara mateix de la CULPA? No és casualitat que l'any 2020, de la major mobilització social de suport al feminisme amb marxas/manifestacions massives a tot l'Estat, la resposta patriarcal fos la d'utilitzar, de nou, la culpa?

Qui culpa és el guardià del codi, de les normes. Per tant, cada vegada que transgredim algun patró d'aquest codi, s'activa un senyal que ens informa que el codi s'ha transgredit. Aquesta és la culpa. Culpades, sempre, i autoinculpades, moltes vegades... per no poder cuidar, o per no voler, per desitjar, o per no fer-ho... o per fer o per no fer...

La culpa, com altres emocions, no només la sentim, sinó que reaccionem interiorment davant d'ella, cosa que condueix a una segona emoció: la culpa per sentir-se culpable. I, així, en aquesta roda que ens atrapa... o no? La culpa ens alerta, és un indicador que assenyala que estem transgredint, estem canviant un codi que ens vol sotmetre. La culpa és molt nostra, és una culpa compartida. I com tot allò que transcendeix la individualitat, es pot reconvertir en una força de lluita comú, un motor per a la desobediència colectiva. Com també d'altres paraules amb què les dones, afortunadament, omplim el nostre vocabulari i les nostres vides: alegría, felicitat, lluita, empatia, o SORORITAT, totes elles paraules en femení.

Les dones amigues, les amigues estimades, pilar fonamental en les nostres vides, on trobem el sosteniment per seguir endavant en la lluita contra l'opressió del patriarcat. En paraules de la Marcela Lagarde: *"Què hauria estat de les dones en el patriarcat sense l'entramat de dones al voltant, a un costat, al darrere, al davant, guiant el camí, aguantant juntes. Què seria de nosaltres sense les nostres amigues? Què seria de les dones sense l'amor de les dones?"*

Les nostres Hermigas (terme creat per la Lucía Asué Mbomio) són amigues que s'acaben convertint en germanes, les dones amigues partidàries les unes de les altres, unides entre nosaltres i no contra les altres. La *solidaritat* entre les dones, la germanat de les dones, la sororitat. Sororitat com a aliança política entre totes les dones per combatre la desigualtat pròpia del patriarcat.

*Alegria* (substantiu femení), sentiment de plaer manifestat a través dels somriures de les dones, somriures que ara només podem intuír amagats darrere

pero a alegría identifícase nas miradas creadas na loita compartida por mudar este sistema opresor. A *loita* (substantivo feminino), a loita compartida entre as mulleres, adolescentes e nenas, por construír un presente onde no centro está a tenrura (substantivo feminino) e a *xenerosidade* (substantivo feminino) propias da sororidade entre mulleres. Loita que continúa e a pesar das limitacións que vivimos día tras día, antes e durante a COVID-19

"Non calar, non consentir, non sentirse culpable".

\*\*\*

Desde os Colexios profesionais da Educación social temos a responsabilidade social de outorgar a estes temas, un lugar prioritario nos nosos debates e reflexións:

- Por ser unha profesión onde as mulleres somos maioría; unha profesión invisible e infravalorada social e economicamente, con escaso recoñecemento e con condicións laborais precarias.
- Porque como educadoras, compaxinamos o traballo de coidados no fogar e o traballo de coidados ás persoas que acompañamos profesionalmente.
- Como profesión esencial que traballa xunto á cidadanía nos espazos familiares, escolares, asociativos e comunitarios.

Ante este escenario, **MANIFESTAMOS:**

1. O papel clave da Educación Social na transformación da sociedade, xa que traballamos para o desenvolvemento integral das persoas, libres de prexuízos e de estereotipos de xénero.
2. A reivindicación dunha educación na ética dos coidados e no recoñecemento efectivo dos dereitos sociais.
3. A necesidade de establecer estratexias diferentes e alternativas á externalización dos coidados, permitindo exercer os coidados a aquelas mulleres e homes que así o desexen dun xeito digno.
4. O dereito a un traballo digno.
5. A necesidade de promover a corresponsabilidade de mulleres e homes.
6. A necesidade de repensar o público e o común para situar a reprodución da vida e o benestar no centro das prioridades da nosa sociedade
7. A necesidade dunha cultura comunitaria, baseada nas relacións de veciñanza, a xestión participativa e o uso compartido dos bens e dos espazos públicos, onde poder construír sororidade e redes de apoio; porque o colectivo facilita a vida de toda a cidadanía.

**#Edusofeminista**

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

de les mascaretas, però alegría que s'identifica en les mirades creuades en la lluita compartida per canviar aquest sistema opresor. La *lluita* (substantiu femení), la *lluita* compartida entre les dones, adolescents i nenes, per construír un present on al centre es trobi la tendresa (substantiu femení) i la *generositat* (substantiu femení) propis de la sororitat entre les dones. Lluita que segueix endavant tot i les limitacions que vivim dia rere dia, abans i durant la COVID-19.

"No callis, no consentis, no et sentis culpable".

\*\*\*

Des dels Col·legis professionals de l'Educació Social, tenim la responsabilitat social d'atorgar a aquests temes un lloc prioritari en els nostres debats i reflexions:

- Per ser una professió on les dones són majoria; una professió invisible i infravalorada socialment i econòmicament, amb poc reconeixement i condicions laborals precàries.
- Perquè com a educadores, compaginem el treball de cura a les nostres llars amb el treball de cura a les persones que acompanyem professionalment.
- Com a professió essencial que treballa amb el públic en espais familiars, escolars, d'organitzacions i comunitaris.

Davant d'aquest escenari, **MANIFESTEM:**

1. El paper clau de l'Educació Social és la transformació de la societat, ja que treballem per al desenvolupament integral de les persones, lliures de prejudicis i estereotips de gènere.
2. La reivindicació d'una educació en l'ètica de la cura i en el reconeixement efectiu dels drets socials.
3. La necessitat d'establir estratègies diferents i alternatives a l'externalització de l'atenció, que permetin a aquelles dones i homes que ho desitgin exercir la cura de manera digna.
4. El dret a un treball digne.
5. La necessitat de promoure la corresponsabilitat de dones i homes.
6. La necessitat de repensar el públic i el comú per situar la reproducció de la vida i el benestar al centre de les prioritats de la nostra societat.
7. La necessitat d'una cultura comunitària, basada en les relacions veïnals, la gestió participativa i l'ús compartit de béns i espais públics, on es puguin construir xarxes de sororitat i suport; perquè el col·lectiu facilita la vida de tota la ciutadania.

**# Edusofeminista**

Barcelona, 8 de març de 2021